

# PROXECTO EDUCATIVO

CEIP SANTIAGO APÓSTOLO

## ÍNDICE

### 1.-INTRODUCCIÓN

### 2.-SINAIS DE IDENTIDADE

2.1 Principios.

2.2 Obxectivos xerais.

### 3.-CONTEXTO EDUCATIVO

3.1 Datos de identidade.

3.2 Descrición do entorno.

3.3 Situación Socio-Económica das familias.

3.4 Asociacións culturais.

3.5 Lingua usual.

### 4.-RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E DE ESPAZO

### 5.-ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E FUNCIONAMENTO

5.1 Órganos unipersoais.

5.2 Órganos colexiados.

5.3 Órganos de coordinación.

5.4 Unidades e titorias. Horario.

5.5 Libros de texto.

5.6 Servizos do centro: comedor e transporte.

5.7 Alumnado. Criterios de agrupamento.

5.8 Actividades complementarias e extraescolares.

5.9 Protección de datos.

5.10 Colaboración cos servizos sociais e educativos do concello.

## **6.-ASPECTOS CURRICULARES**

6.1 Criterios metodolóxicos.

6.2 Criterios de promoción. Atención a diversidade.

6.3 Criterios de cualificación.

6.4 Criterios para a elaboración das programacións.

6.5 Decisións xerais sobre metodoloxía.

6.6 Plan de formación do profesorado.

## **7. REVISIÓN E AVALIACIÓN DO PROXECTO**

### **8. ANEXOS**

8.1 Concreción dos currículos.

8.2 Plan de convivencia.

8.3 NOF.

8.4 Plan de acción tutorial.

8.5 Proxecto lector do centro.

8.6 Proxecto lingüístico do centro.

8.7 Plan TIC

8.8 Plan de Autoprotección do Centro.

8.9 Proceso de adaptación para os nenos/as de 3 anos

## **1.- INTRODUCCIÓN**

O proxecto educativo de centro (P.E.C.) foi elaborado polo equipo directivo de acordos cos criterios do Consello Escolar e as propostas do Claustro. Posteriormente foi aprobado e avaliado polo consello escolar.

Este documento é necesario para a organización pedagóxica e organizativa do centro, e debe recoller a liña metodolóxica, así como os obxectivos, recursos e fins para favorecer a xestión do centro.

## **2.- SINAIS DE IDENTIDADE**

### 2.1 PRINCIPIOS.

No noso centro apostamos por un ensino público que procure a integración de toda a comunidade educativa, para participar activamente no desenvolvemento do alumnado na súa formación, atendendo a valores de respecto, igualdade e solidariedade.

O centro réxese polo principio de neutralidade ideolóxica, rexeitando a violencia e educando para a paz, o respecto a integridade das persoas.

Traballaremos atendendo ao principios de coeducación e igualdade entre sexos.

### 2.2 OBXECTIVOS XERAIS.

- Xestionar o centro de forma participativa e democrática.
- Impulsar a participación, información, consulta e decisión de toda a comunidade educativa.
- Fomentar o respecto mutuo, o diálogo e a reflexión na labor educativa.
- Fomentar no alumnado un desenvolvemento emocional equilibrado e unha autoestima axeitada.

- Respectar as normas de convivencia do centro, respectando a diversidade.
- Xestionar os recursos e os espazos do centro de xeito inclusivo
- Incluír valores coeducativos na xestión da convivencia escolar, traballando na eliminación de estereotipos e pola igualdade entre xéneros.
- Conseguir nos alumnos/as aprendizaxes significativas.
- Progresar en técnicas de estudo.
- Adaptar o ensino aos distintos ritmos e capacidades de aprendizaxe, tendo en conta a “Educación para a diversidade”
- Crear hábitos saudables formando persoas que se coiden e se interesen por coidar o medioambiente.

### **3.-CONTEXTO EDUCATIVO**

#### 3.1 DATOS DE IDENTIDADE.

- Nome: CEIP Santiago Apóstolo
- Ano de fundación: 1974
- Dirección: Avenida Francisco Vizoso s/n. Franza. Mugardos.
- Teléfono: 881-930336
- Email: [ceip.santiago.apostolo@edu.xunta.es](mailto:ceip.santiago.apostolo@edu.xunta.es)
- Niveis educativos que se imparten: E. Infantil e E. Primaria.
- Horario do centro: Luns a Venres 09:00– 14:00. Martes de 16:00-19:00.  
  
Comedor: Xantar 14:00-16:00.
- Instituto ao que está adscrito: IES de Mugardos
- Número de unidades: 5.

- Número de profesores: 1 de E. Infantil, 4 Mestras de E. Primaria, 1 Mestra de E. Física, 1 Mestras de P.T., 1 Mestra de E. Musical, 1 Mestra de Lingua Estranxeira (Inglés), 2 Mestras compartidos de Relixión, 1 Orientadora compartida e 1 Mestra de A.L. compartido.

### 3.2 DESCRICIÓN DO ENTORNO.

O Centro está situado na parroquia de Santiago Apóstol de Franza, no concello de Mugardos; esta parroquia é a de maior extensión. Conta con dous núcleos urbanos importantes: Franza e O Seixo.

A influencia romana foi importante na zona, en canto ao asentamento da poboación, Preto do mar, no Seixo, está o asentamento de “Noville”, e son visibles nel os muros de ladrillo así como as tégulas.

A poboación do Concello é duns 5.300 habitantes, na nosa a parroquia é notable o descenso de nacementos nos últimos anos, o que se traduce no descenso de matrícula no noso Centro.

### 3.3 SITUACIÓN SOCIO-ECONÓMICA DAS FAMILIAS.

Non hai unha actividade ocupacional das familias que destaque por riba doutra. As principais industrias de construción naval na ría de Ferrol, son as que proporcionan postos de traballos nun bo número de casos, pero non é a única actividade, a factoría forestal , a planta de Reganosa e pequenos talleres e carpinterías de tamaño familiar, así como emprego no sector terciario. Tamén son abundantes as embarcacións pequenas que se adican á pesca dentro da ría e o marisqueo a pé.

### 3.4 ASOCIACIÓNS CULTURALS.

A vida cultural do entorno do Colexio xira arredor das actividades programadas polo Concello e as sociedades deportivo-culturais-recreativas que levan a cabo ao longo do ano, das que participar o Centro, ben na súa totalidade ou en ocasión algún dos alumnos/as.

As actividades deportivas veñen organizadas polo Concello.

No Seixo, en beiramar, hai unhas pistas para a práctica do deporte, Franza só posúe as

instalacións deportivas do propio Colexio, que en horario non lectivo pon ao servizo da comunidade veciñal.

No núcleo urbano do Concello hai unha biblioteca municipal, de pouco uso para o noso alumnado, dada a distancia.

### 3.5 LINGUA USUAL.

Respectando a lexislación e normativa vixentes, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, empregarase esta lingua no plano administrativo e procurarase que sexa esta, cada vez máis a lingua ambiental. A nivel didáctico e pedagóxico no ámbito escolar aplicarase o regulamentado no Decreto 79/2010 de 20 de maio, segundo se especifica no Plan Lingüístico do centro. En todocaso, deberá garantirse, ao rematar a escolaridade, un correcto dominio oral e escritode ámbalas dúas linguas.

Hai que dicir que a lingua maioritaria entre o alumnado e o castelán.

## **4.-RECURSOS PERSOAIS, MATERIAIS E DE ESPAZO**

No centro hai 9 profesoras diariamente e outras tres que veñen dous días á semanae unha orientadora que tamén é compartida con varios centros escolares.

Contamos cunha conserxe e dúas persoas do servizo de limpeza que están polas tardes, estes empregados dependen do Concello. Ademais contamos cunha empresa externa que ven limpar os baños a media mañá por mor do COVID.

O edificio está circundado dun peche, en parte de muro e outra parte de rede metálica, accedese ao centro por dous portalóns, un situado no fronte e outro no lateral polo que poden entrar coches.

O edificio principal conta con dous pisos, un patio cuberto duns 3,79 metros e unhas instalacións deportivas de 1.204mts. A antiga casa do conserxe foi convertida en aula de Educación Infantil. Contamos tamén cun pequeno parque con columpios e areeiro para os máis pequenos e un horto escolar cunha zona de céspede.

PLANTA BAIXA	PRIMEIRO ANDAR
Biblioteca	Sala de Mestres e servizo das mestras
Conserxería	Dirección
2 aulas (1º ciclo e desdobre)	Orientación
1 aula de música	Aulas de P.T. e A.L.
Comedor	4 Aulas de Primaria
1 aula de inglés	Servizos alumnos
Servizos de alumnado	Aula de informática e robótica

En relación as condicións das instalación hai que dicir que debido aos anos, temos deficiencias:

-Os ventanais necesitan cambios, pois non pechan ben e non aillan do frío o que fai que se gaste máis combustible e aínda así non temos a temperatura axeitada. Moitos xa foron cambiados, pero aínda queda.

-O patio cuberto necesita ser pintado.

-A caldeira é nova pero os radiadores non e nalgunhas aulas non son suficientes.

-Hai algunhas aulas que necesitan tamén pintura e arranxos (Educación Infantil).

-O portal de entrada necesita cambio urxente, está moi estropeado e xa non cumpre a súa función.

-O peche da pista exterior tamén precisa reformas.

-O mobiliario da maioría das aulas está vello. O material vaise renovando segundo as posibilidades dos orzamentos, a biblioteca está ben dotada xa que cos cartos que obtemos ao pertencer ao Plambe mercáronse moitos fondos e mobles.



-En relación aos equipos informáticos, algúns ordenadores están moi vellos, fomos renovando segundo os presupostos, tamén adquirimos pizarras dixitais.

## **5.-ESTRUCTURA ORGANIZATIVA E FUNCIONAMENTO**

O centro terá unha xestión participativa e democrática a través da seguinte estrutura de funcionamento:

### 5.1 ÓRGANOS UNIPERSOAIS.

Directora.

### 5.2 ÓRGANOS COLEXIADOS.

-Consello Escolar.

Composición: dúas representantes dos pais/nais, unha representante do concello, dúas representantes das mestras (unha delas realizará as función de secretaria) e a directora (presidenta).

-Claustro.

Composición: Todas as mestras con destino no centro.

### 5.3 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN.

Son as formas de organización de traballo en equipo dos profesores/as para conseguiros resultados esperados. A composición de cada órgano así como a súas funcións recollen cada ano no DOC(Documento organizativo do centro) e no Plan Xeral Anual.

Os órganos de coordinación serán os seguintes:

#### 5.3.1 Comisión de Coordinación Pedagóxica

No noso centro as función da CCP son asumidas polo claustro e coordinadas pola directora. Reunirase unha vez ao mes, a súas competencias están recollidas no ROC.

#### 5.3.2 Equipo de Educación Infantil

Está formado pola titora da clase deste ciclo e polas mestras que imparten clase neste ciclo, a coordinadora é a titora e levantará acta en cada reunión.

### 5.3.3 Equipo de Actividades Extraescolares

A coordinadora é elixida por dous anos, reuniranse unha vez ao trimestre e neste equipo haberá mestres de diferentes cursos e distintas especialidades. As súas funcións están recollidas no ROC.

### 5.3.4 Equipo de Dinamización Lingüística

Está constituído para potenciar o uso do galego no centro, velará polo desenvolvemento do Proxecto lingüístico. O equipo está composto por titoras de diferentes cursos e mestras especialistas.

## 5.4. UNIDADES E TITORÍAS. HORARIO.

O centro consta cunha unidade de E.I. e catro unidades de E.P. e contamos cos seguintes postos de traballo: 4 de E. Primaria, 1 de E. Infantil, 1 de E. Física, 1 de Lingua Estranxeira (inglés), 1 de E. Musical, 1 de P.T., 1 de A.L. compartida con outro centro, 1 Orientadora compartida con varios centros e 2 de Relixión (tamén compartidas).

O noso horario é de xornada continua de 9:00 a 14:00.

## 5.5 LIBROS DE TEXTO.

Os libros de texto están publicados na páxina web do centro e na entrada do colexio. As familias poderán solicitar axudas segundo a normativa nos prazos oportunos.

## 5.6 SERVIZOS DO CENTRO: COMEDOR E TRANSPORTE.

Comedor: Dende o ano académico 2016-2017, o colexio dispón dun servizo de comedor, patrocinado polo Concello e servido por unha empresa de cátering. O alumnado poderá desfrutar do servizo tódolos días, en días fixos ao longo da semana ou en días esporádicos. O horario é de 14:00 horas ata as 16:00 horas. A xestión do servizo de comedor lévana os servizos do Concello.

Transporte: Consta dun servizo con 2 itinerarios, que mobilizan aos alumnos procedentes de: O Seixo-Rilo-Pedrós e San Xoan de Piñeiro-Barracido-Gallada; que o recolle pola mañá para chegar ao colexio ás 09:00 horas e devólveos ás súas casas a partires das

14:00 horas.

## 5.7 ALUMNADO. CRITERIOS DE AGRUPAMIENTO.

O agrupamento básico será o grupo-aula, segundo o cal cada alumno/a está adscrito a un nivel educativo en función da súa idade e do nivel de consecución dos obxectivos propostos en cada nivel educativo. Estes dous cursos académicos establecéronse por mor da COVID os grupos burbulla estables nos diferentes espazos do centro.

Puntualmente, terase en conta o asesoramento do Departamento de Orientación. Ademais do seu grupo-aula, os alumnos/as agruparanse de forma diversa con fin de favorecer a consecución dos obxectivos propostos: pequenos grupos de traballo, grupo-nivel, grupos interniveis,..etc.

Faranse grupos de apoio sempre que se dispoña do persoal necesario.

Os tempos e espazos estarán organizados de tal forma que se obteña o maior rendemento posible dos mesmos. A súa utilización especificarase nas programacións.

## 5.8 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

### 5.8.1 Complementarias:

O Centro organizará as saídas que considere oportunas para o enriquecemento cultural do alumnado. Será o equipo de extraescolares o encargado de organizar e informar das saídas. Incluiranse na Programación Xeral Anual, sempre que se realicen fóra do Centro terán que estar autorizadas polos titores legais dos alumnos/as.

### 5.8.2 Extraescolares:

As actividades extraescolares ofértanse cada ano e dependen da demanda do alumnado. Cómprelle á ANPA a elaboración e seguimento de ditas actividades, tantodeportivas como lúdicas.

## 5.9 PROTECCIÓN DE DATOS.

Toda persoa ten dereito á protección de datos de carácter persoal, sexa íntimo ou non. A Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD 15/1999 de 13 de decembro) regula os principios reitores que deben rexer esta protección:

- 1.- Principio de consentimiento
- 2.- Dereito á información previa ao tratamento.
- 3.- Principio de calidade dos datos.
- 4.- Deber de segredo.
- 5 .- Principio de seguridade.

A lei garante ás persoas os dereitos para que poidan acceder, rectificar, cancelar e oporse ao tratamento da información que lles afecte. Este é un dereito básico e de balde.

Deberíamos dar a coñecer ao noso alumnado o dereito de protección de datos e incluílo no noso NOF xunto con algúns dos procedementos máis habituais que todos debemos coñecer e practicar.

#### 5.10 COLABORACIÓN COS SERVIZOS SOCIAIS E EDUCATIVOS DO CONCELLO.

A colaboración cos servizos do concello son fluídos e positivos. Participamos en actividades que nos ofrecen e colaboran con nós, noutras organizadas desde o centro. Así mesmo, temos contacto cos servizo de asistentes sociais, para dar información de axudas e outros servizos que poidan necesitar as familias do noso alumnado.

### **6.-ASPECTOS CURRICULARES.**

#### 6.1 CRITERIOS METODOLOXICOS.

##### 6.1.1. Dende o punto de vista psicolóxico:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.
- Favorecer a aprendizaxe autónoma (aprender a aprender).
- Potenciar a actividade, facilitando a reflexión.

##### 6.1.2. Dende o punto de vista dos coñecementos:

- Non todos coñecemos igual en todo momento.

-Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións.

-Coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas.

-O ensino debe buscar interaccións cada vez máis ricas e significativas.

#### 6.1.3. Dende o punto de vista pedagóxico:

-Partir da avaliación inicial, específica e global; das súas actitudes e aptitudes; das súas necesidades e intereses.

-Motivar axeitadamente, propiciando un clima de comunicación e cooperación, potenciando o gusto por aprender.

-Analizar esquemas previos de coñecemento.

-Fomentar a zona de desenvolvemento potenciais na adquisición de novos coñecementos.

#### 6.1.4. Dende o punto de vista sociolóxico:

-Partir do diagnóstico inicial das relacións que se dan na aula, relacións afectivas e efectivas.

-Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e a modelación dos roles máis adecuados.

-Potenciar os grupos con experiencias enriquecedoras, preparando para a convivencia democrática, a igualdade, o respecto ós demais, as súas diferentes culturas, tolerancia e aceptación da diversidade.

#### 6.1.5. Principios metodolóxicos fundamentais:

-Respecto das leis da maduración.

-Individualización e autonomía.

-Socialización.

-Secuenciación.

-Flexibilidade.

-Aprendizaxe construtiva-significativa.

-Formación de hábitos e actitudes.

-Coordinación coa familia.

## 6.2 CRITERIOS DE PROMOCIÓN. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

-Promocionan tódolos/as alumnos/alumnas que aproben todas as materias.

-Segundo o establecido no punto 3 do artigo 20 (Avaliación durante a etapa) da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro: “Si nalgún caso se considera que un/unha alumno/a debe permanecer un ano máis no mesmo curso, organizarase un plan específico de reforzo para que durante ese curso poida acadar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só se poderá adoptar unha vez durante a etapa e terá, en todo caso, carácter excepcional”.

No NOF está recollido (tal como indica a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro) que ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. No NOF tamén aparece como medida acordada polo claustro que o alumnado, repetirá curso, se suspende dúas materias instrumentais, ou tres que non sexan instrumentais, se así o decide o/a titor/a xunto co resto de profesorado do grupo. A promoción no resto de cursos da etapa (1º, 3º e 5º) será automática.

Criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba repetir curso:

O Plan Específico de reforzo para o alumnado de Educación Primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso ven recollido no artigo 50 da Orde do Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Así cando un alumno ou alumna de Educación Primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. O plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesor titor, e desenvolverase o longo de todo o curso.

O Plan Específico de Reforzo debe incluír, ao menos:

- a) Identificación do alumno ou da alumna.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se empregaron no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) No seu caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información a familia.

En cada sesión da avaliación farase un seguimento do Plan Específico de reforzo e, de ser necesario, realizaranse os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Podemos empregar o seguinte modelo:

**PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO**

<b>Alumno/a:</b>	
<b>Titor/a:</b>	
<b>Grupo clase:</b>	<b>Curso escolar:</b>

**DATOS DE INTERESE RECOLLIDOS NO EXPEDIENTE DO ALUMNO/A:**

--

**RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL:**

--

**RELACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS QUE MOTIVARON A REPETICIÓN DO CURSO:**

--

## ANÁLISE DE PUNTOS FORTES E PUNTOS DÉBILES

### PUNTOS FORTES

- Asistencia regular a clase
- Colaboración familiar
- Reflexivo
- Mantén a atención
- Outros
- Interese e motivación
- Hábito de estudio
- Boa capacidade de aprendizaxe
- Cumpre as normas
- Fai as súas tarefas

### PUNTOS DÉBILES

- Asistencia irregular a clase
- Colaboración familiar
- Impulsivo
- Lentitude na aprendizaxe
- Non mantén a atención
- Outros
- Interese e motivación
- Hábito de estudio
- Non cumpre as normas
- Non fai as súas tarefas

## MEDIDAS ORDINARIAS APLICADAS NO CURSO ANTERIOR

--

## PLAN DE INTERVENCIÓN (para traballar as aprendizaxes básicas):

ÁREA	Contidos que debe traballar o alumno/a	Responsable, Nº sesións semanais e materiais a empregar
MATEMÁTICAS		
LINGUAS		
INGLÉS		



**ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS QUE SE EMPREGARÁN NO SEU  
DESENVOLVEMENTO:**

<b>Actuacións</b>	<b>Tarefas, material, etc.</b>	<b>Seguimento (cando se fará)</b>
<b>Outras</b>		

**RECURSOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN**

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2\_\_\_\_\_

**Asdo.- O titor/a**

Desde o Centro dáse resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo segundo o establecido no Plan de Atención a Diversidade polo profesorado do Centro, incluídos os especialistas, e o orientador, que colaboran no desenvolvemento do proceso ensino-aprendizaxe dos alumnos/as.

O alumnado repetidor recibirá o mesmo tratamento que o resto dos alumnos do grupo, tendo así actividades de reforzo, apoio ou recuperación segundo as súas carencias.

Cando o equipo docente e D.O., previa avaliación psicopedagóxica, consideren oportuno, o alumnado poderá saír da súa aula para recibir este apoio como medida de atención á diversidade.

No caso de que o alumno/a non supere os mínimos esixibles para pasar de nivel, e o desfase curricular sexa de dous ou máis anos, procederase a realización de unha adaptación curricular.

### 6.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os docentes rexistrarán os resultados obtidos. Con estes datos informarase ás familias, polo menos unha vez ao trimestre, sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

Os resultados da avaliación expresarase nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente(SB) para as cualificacións positivas. Neste momento a aplicación XADE non está actualizada polo que mantemos as cualificacións numéricas mentres que non o modifiquen:

-Insuficiente :1,2,3 ou 4.

-Suficiente: 5.

-Ben: 6.

-Notable: 7 ou 8.

-Sobresaliente: 9 ou 10.

O Centro poderá propoñer o outorgamento dunha mención honorífica a os alumnos/as que obtiveran Sobresaliente ao rematar E.P. nunha área e que demostren un rendemento académico excelente, cuxo outorgamento corresponderá á Consellería con competencias en materia de educación. A puntuación obtida polo alumnado na escala anterior poderá subir ou baixar, á escala inmediata en función dos seguintes aspectos:

-Probas escritas e orais

-Traballo diario no colexio e na casa. Cadernos, libros, esforzo, orden, limpeza nos traballos.

-Traballos individuais e colectivos.

#### 6.4 CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS.

-Deben ser instrumentos útiles para o ensino e o aprendizaxe, non convertelas nun simple trámite.

-Facelas en equipo.

-Atender ás necesidades máis importantes do alumnado do noso Centro.

-Guiarse por criterios selectivos de aprendizaxes, relevantes e imprescindibles.

-Introducir a lectura, a expresión oral e o razoamento práctico en cada unha das áreas, en definitiva, as competencias claves: lingüística e matemáticas.

-Establecer relacións cos distintos programas do Centro.

-Potenciar desde a programación didáctica, o traballo por tarefas, e o aprendizaxe cooperativo en cada unidade.

-Os equipos docentes desenvolverán as programacións didácticas da áreas que lle correspondan, incluíndo medidas de atención á diversidade.

-Incluír criterios de avaliación e promoción.

#### 6.5 DECISIÓNS XERAIS SOBRE A METODOLOXÍA.

A liña metodolóxica para todo o centro terá en conta os principios anteriores, así como o respecto as diferentes formas de ensinar.

O profesorado debe facer un traballo de coordinación para unificar criterios de actuación. O que nos leva a tomar os seguintes acordos de todo o claustro:

-Non utilizar libro de texto na materia de matemáticas (de 1º a 6º de E.P)

Traballando co método ABN, con material manipulativo seleccionado e nalgún caso elaborado polo profesorado.

-Non utilizar libro de texto en lingua galega e lingua castelá en 3º e 4º de E.P.

-Non utilizar libro de texto en lingua galega en 1º e 2º de E.P.

-Na materia de libre configuración de 4º e 6º de E.P., traballaremos teatro ou robótica. Segundo a dispoñibilidade e formación do profesorado.

-Intentarase levar a cabo un proxecto interdisciplinario (integrando por diferentes materias), para todos os cursos, cun tema común. As actividades partirán da biblioteca, do equipo de dinamización e do equipo de Tics.

## 6.6 PLAN DE FORMACION DO PROFESORADO.

O noso Centro mantén unha postura aberta a todo tipo de programas que conleven unha innovación educativa ou unha mellora na calidade do ensino.

Levamos varios cursos con programas de formación en centros, este ano o PFPP do noso centro ten os seguintes itinerarios: EDIXGAL, familia, Plan de Mellora, Plan Dixital e Robótica. Ademais dos cursos a nivel individual que o profesorado recibe dende o CEFORE.

## **7.-REVISIÓN E AVALIACIÓN DO PROXECTO.**

Será revisado ao principio de cada curso escolar. No caso de que teña que ser modificado, farase ao inicio do curso coas propostas do claustro e será levado ao Consello Escolar para a súa aprobación. Así mesmo, será revisado e si é necesario modificado, cando o solicite algún membro do Consello Escolar.

O presente P.E.C. foi aprobado por unanimidade polo Consello Escolar na reunión que tivo lugar o día 29 de marzo de 2022, e quedará a disposición de todos os membros da comunidade educativa, procurando que sexa un instrumento educativo básico.

Visto e Prace da Directora

Asdo.: Natalia Carollo Varela

## **8.- ANEXOS**

### 8.1 Concreción dos currículos:

8.1.1 Concreción curricular 1º E.P.

8.1.2 Concreción curricular 2º E.P.

8.1.3 Concreción curricular 3º E.P.

8.1.4 Concreción curricular 4º E.P.

8.1.5 Concreción curricular 5º E.P.

8.1.6 Concreción curricular 6º E.P.

8.1.7 Concreción curricular Lingua Extranxeira.

8.1.8 Concreción curricular Educación Física.

8.1.9 Concreción curricular Educación Artística.

8.2 Plan de convivencia.

8.3 NOF.

8.4 Plan de acción tutorial.

8.5 Proxecto lector do centro.

8.6 Proxecto lingüístico do centro.

8.7 Plan TIC.

8.8 Plan de Autoprotección do Centro.

8.9 Proceso de adaptación para os nenos/as de 3 anos.